

36 | XORNAL DE GALICIA |
XOVES, 19 DE NOVEMBRO DE 2009

CULTURA

DEREITOS DE AUTOR

Os escritores galegos apoian a Alcalá na súa demanda contra Planeta

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) mostrou o seu apoio a Xavier Alcalá na súa demanda de propiedade intelectual da expresión *Contra el viento*, título da obra coa que a escritora Ángeles Caso gañou a última edición do Premio Planeta. O colectivo de escritores sinala, nun comunicado, que apoia o autor, membro da asociación, non só moralmente, senón poñendo á súa disposición os servizos xurídicos e os despachos xurídicos especializados da Federación Galeusca. EFE